

Venres, 17 de febreiro de 2023

Núm. 34

ADMINISTRACIÓN LOCAL

MUNICIPAL

VIGO

Persoal, oposicións

RECTIFICACIÓN DO ERRO DETECTADO NA DENOMINACIÓN DUNHA PRAZA INCLUÍDA NA OFERTA DE EMPREGO PÚBLICO DE ESTABILIZACIÓN DO EMPREGO TEMPORAL DO CONCELLO DE VIGO, EN CUMPRIMENTO DAS PREVISIÓNS DA LEI 20/2021, DO 28 DE DECEMBRO

ANUNCIO

A Xunta de Goberno Local do Concello de Vigo, en sesión de data 09 de febreiro de 2023, adoptou o seguinte acordo:

“PRIMEIRO.- Rectificar, ao abeiro do establecido no artigo 109.2 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas, o erro detectado no acordo da Xunta de Goberno Local de data 31 de maio do 2022 (expediente electrónico nº 39.998/220) consonte aos informes emitidos no presente expediente e á documentación anexa, de xeito que onde di “titulado/a medio” debe dicir “técnico/a medio”, mantendo os restantes extremos do acordo referenciado.

SEGUNDO.- Rectificar, ao abeiro do establecido no artigo 109.2 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas, no acordo da Xunta de Goberno Local resolvendo as alegacións presentadas á oferta de emprego público de estabilización do emprego temporal no Concello de Vigo, de 15 de setembro do 2022 (expediente electrónico nº 39.998/220) consonte aos informes emitidos no presente expediente e á documentación anexa, de xeito que onde di “titulado/a medio” debe dicir “técnico/a medio”, mantendo os restantes extremos do acordo referenciado.

TERCEIRO.- Dispoñer a preceptiva publicación oficial normativamente establecida, en garantía do público coñecemento do presente acordo.

CUARTO.- Notificar o presente acordo ás persoas alegantes ao acordo da Xunta de Goberno Local de data 31 de maio do 2022, aprobatorio da oferta de emprego público de estabilización do emprego temporal no Concello de Vigo.

QUINTO.- Indicar que contra o presente acordo poderase interpoñer recurso contencioso-administrativo no prazo de 2 meses contados dende o seguinte ao da notificación do acto



Venres, 17 de febreiro de 2023

Núm. 34

administrativo que poña fin á vía administrativa, nos supostos, termos e condicións do previsto nos artigos 8, 25 e 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, Reguladora da Xurisdición Contencioso-Administrativa.”

Vigo, sinatura electrónica

A xefa da Área de Recursos Humanos e Formación. — María Dapena Gómez.

A concelleira delegada da Área de Contratación, Patrimonio e Xestión Municipal (delegacións competenciais por Decreto da Excm. Alcaldía de 16.04.2021 e Acordo da Xunta de Goberno Local de data 22.04.2021).- Patricia Rodríguez Calviño.

